 <p>UNIVERSIDADE DE VIGO</p>	<p><b>SEGUIMIENTO OFICIAL DE TÍTULOS</b></p> <p><b>INFORMACIÓN PÚBLICA</b> <b>GRAO EDUCACIÓN SOCIAL</b></p>	<p>FACULTADE DE CIENCIAS DE LA EDUCACIÓN</p> <p>OURENSE</p>
---	---	---

### 3. COMPETENCIAS / OBXECTIVOS

#### *3.1. Obxectivos do título*


1. Transmitir, promover e desenvolver a cultura.
2. Xerar redes sociais, contextos, procesos e recursos educativos e sociais.
3. Intervir como mediador social, cultural e educativo.
4. Coñecer, analizar e investigar os contextos sociais e educativos.
5. Diseñar, implementar e avaliar programas e proxectos socioeducativos
6. Xestionar, dirixir, coordinar e organizar institucións e recursos socioeducativos.

##### *3.1.1. Obxectivos específicos e niveis de capacitación:*

1. Previr e compensar dificultades de estruturación da personalidade e inadaptacións sociais.
2. Favorecer a autonomía das persoas.
3. Desenvolver actividades cunha finalidade educativa cultural lúdica.
4. Potenciar a procura da información e comprensión en e da contorna social.
5. Desenvolver o espírito crítico e a capacidade de comprensión e análise da realidade sociopolítica.
6. Estimular a participación dos grupos e individuos.
7. Potenciar as competencias e aptitudes dos individuos.
8. Promover o cambio e transformación social .
9. Favorecer o desenvolvemento sociocultural, sociolaboral, institucional e comunitario.
10. Contribuír á creación e consolidación do tecido social e asociativo.
11. Promover a conservación, transmisión e respecto pola cultura e lingua/s propia de individuos, grupos e comunidades supeditados ao respecto dos dereitos fundamentais.
12. Coñecer e actuar conforme ao código deontolóxico da profesión.

##### *3.1.2. Obxectivos transversais:*

1. Respetar os dereitos fundamentais e de igualdade entre mulleres e homes.
2. Respetar e promover os dereitos humanos, de igualdade de oportunidades e non discriminación, e accesibilidade universal para todas as persoas con discapacidades.
3. Promover os valores propios dunha cultura de paz e de valores democráticos.

 <p>UNIVERSIDADE DE VIGO</p>	<p><b>SEGUIMIENTO OFICIAL DE TÍTULOS</b></p> <p><b>INFORMACIÓN PÚBLICA</b> <b>GRAO EDUCACIÓN SOCIAL</b></p>	<p>FACULTADE DE CIENCIAS DE LA EDUCACIÓN</p> <p>OURENSE</p>
---	---	---

### ***3.2. Competencias xerais que deben adquirir aos/os estudantes durante os seus estudos, necesarias para outorgar o título***

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS, seguindo na súa maioría as propostas no Libro Branco.

#### *3.2.1. Competencias instrumentais:*

1. Capacidade de análise e síntese
2. Planificación e organización
3. Comunicación oral e escrita na\vs lingua/s materna/s con apertura a outros códigos lingüísticos, en especial, as linguas co-oficiais na comunidade galega.
4. Utilización das TIC no ámbito de estudo e contexto profesional
5. Xestión da información
6. Resolución de problemas e toma de decisións
7. Dominio de metodoloxías e técnicas educativas, dinamizadoras de asesoramento e orientación.

#### *3.2.2. Competencias interpersoais:*


1. Capacidade crítica e autocrítica
2. Capacidade para integrarse e comunicarse con expertos doutras áreas e en distintos contextos
3. Recoñecemento e respecto da diversidade e multiculturalidad
4. Habilidades interpersoais
5. Compromiso ético

#### *3.2.3. Competencias sistémicas:*

1. Autonomía na aprendizaxe
2. Adaptación a situacións novas
3. Creatividade
4. Liderato
5. Iniciativa e espírito emprendedor
6. Apertura cara á aprendizaxe ao longo de toda a vida
7. Compromiso coa identidade, desenvolvemento e ética profesional
8. Orientación á calidade


### ***3.3. Competencias específicas que deben adquirir aos/os estudantes durante os seus estudos, necesarias para outorgar o título***

As competencias xerais e específicas propias do ámbito académico-profesional do grao deberán ser desenvolvidas a través do conxunto das materias. Deberán adaptarse aos requirimentos de cada un dos cursos e ás

 <p>UNIVERSIDADE DE VIGO</p>	<p><b>SEGUIMIENTO OFICIAL DE TÍTULOS</b></p> <p><b>INFORMACIÓN PÚBLICA</b> <b>GRAO EDUCACIÓN SOCIAL</b></p>	<p>FACULTADE DE CIENCIAS DE LA EDUCACIÓN</p> <p>OURENSE</p>
---	---	---

competencias transversais compartidas por distintas ocupacións ou ámbitos de coñecemento, tal e como recomenda o informe Tuning. Ao finalizar o grao os estudantes serán capaces de:

1. Integrar criticamente os supostos teóricos, filosóficos, históricos, sociolóxicos, psicolóxicos, pedagóxicos, culturais, políticos, legislativos que están na base dos procesos de intervención socioeducativa.
2. Estar capacitado/a para o diagnóstico e a mediación na prevención e resolución de conflitos en condicións de desigualdade e crise en comunidades socioeducativas.
3. Asumir e orientarse de acordo con valores de igualdade e de cidadanía democrática, e capacitar para a prevención e a mediación en casos de violencia nas súas diferentes manifestacións (simbólica, de xénero, laboral, escolar, sexual, étnica?).
4. Analizar e diagnosticar a realidade complexa que fundamenta o desenvolvemento dos procesos socioeducativos
5. Coñecer os fundamentos do deseño e uso dos medios, recursos e estratexias para a intervención socioeducativa e incorporalos nos diferentes ámbitos de acción socioeducativa.
6. Comprender a traxectoria da educación social e a configuración do seu campo e identidade profesional, a nivel comunitario, estatal, europeo e internacional.
7. Manexar con criterio métodos e estratexias de investigación cuantitativas e cualitativas, e aplicalas ás realidades socioeducativas.
8. Potenciar estruturas e procesos de participación e acción comunitaria, aplicando programas e técnicas de intervención (dinámica de grupos, motivación, negociación e promoción da asertividade...)
9. Desenvolver programas e proxectos no contexto familiar e escolar.
10. Desenvolver programas e proxectos no ámbito da educación especializada (menores, necesidades educativas especiais, centros de saúde, conductas aditivas, institucións penais, e persoas e colectivos en risco de exclusión...).
11. Organizar e xestionar proxectos e servizos culturais, ambientais, de lecer e tempo de lecer.
12. Diseñar, aplicar e avaliar programas e estratexias de intervención socioeducativa no ámbito do desenvolvemento comunitario e cooperación ao desenvolvemento.
13. Diseñar, aplicar e avaliar programas e estratexias de intervención no ámbito cultural.
14. Diseñar, aplicar e avaliar programas de educación permanente e de persoas adultas e maiores.
15. Diseñar, aplicar e avaliar programas para a inserción social e laboral.
16. Elaborar e interpretar informes técnicos, de investigación e avaliación sobre accións, procesos e resultados socioeducativos.
17. Dominar as metodoloxías de dinamización social e cultural.

 <p>UNIVERSIDADE DE VIGO</p>	<p><b>SEGUIMIENTO OFICIAL DE TÍTULOS</b></p> <p><b>INFORMACIÓN PÚBLICA</b> <b>GRAO EDUCACIÓN SOCIAL</b></p>	<p>FACULTADE DE CIENCIAS DE LA EDUCACIÓN</p> <p>OURENSE</p>
---	---	---

18. Ter capacidade para potenciar as relacións interpersoais, desenvolver habilidades de comunicación interpersoal, solidariedade e empatía.
19. Xestionar, coordinar e supervisar entidades, equipamentos e grupos, de acordo con diferentes contextos e necesidades.
20. Asesorar na elaboración e aplicación de plans, programas, proxectos e actividades socioeducativas.
21. Asesorar e/ou acompañar a persoas e/ou grupos en procesos de desenvolvemento socioeducativo.
22. Estar comprometido coa calidade de actuación e moverse de acordo cos principios deontolóxicos do/a educador/a social.

Na memoria do Grao podemos atopar máis información sobre as competencias que adquire o estudante nas distintas materias (páx..33-80).

***3.4. Procedemento documentado para a definición, revisión e mellora dos obxectivos do plan de estudos***

A información pública sobre este procedemento atópase no epígrafe de calidade da web da Facultade de Ciencias da Educación de Ourense, dentro dos procedementos clave (PC02), ou a través do vínculo directo: <http://webs.uvigo.es/educacion-ou/web/files/PC02-procedemento-para-a-revision-e-mellora-das-titulacions.pdf> .